

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**4414** Orde PRE/681/2013, do 22 de abril, pola que se modifica parcialmente a Orde do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno do 18 de xaneiro de 1993, sobre zonas prohibidas e restrinxidas ao voo.

O heliporto de Algeciras está situado dentro da área restrinxida Algeciras (Cádiz), polo que foi preciso adoptar medidas singulares específicas que permitisen o acceso aos helicópteros civís que viñan operando no dito aeródromo.

Non obstante, cómpre establecer, con carácter xeral, a posibilidade de acceso á área restrinxida de Algeciras (Cádiz) a aqueles helicópteros civís con plans de voo aprobados seguindo as rutas establecidas de entrada e saída ao heliporto de Algeciras.

Con este obxecto modifícase a Orde do 18 de xaneiro de 1993, sobre zonas prohibidas e restrinxidas ao voo, para posibilitar o acceso a esta zona do espazo aéreo nos termos indicados.

De acordo coas atribucións establecidas nos artigos 5 e 6 do Real decreto lei 12/1978, do 27 de abril, sobre fixación e delimitación de facultades entre os ministerios de Defensa e Transportes e Comunicacions en materia de aviación, e por se tratar de estruturación do espazo aéreo, esta materia foi obxecto de estudo e aprobación pola Comisión Interministerial entre Defensa e Fomento (Cidefo).

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa e da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación da Orde do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno, do 18 de xaneiro de 1993, sobre zonas prohibidas e restrinxidas ao voo.*

Modifícase o punto primeiro, letra B, número 39, da Orde do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno, do 18 de xaneiro de 1993, sobre zonas prohibidas e restrinxidas ao voo, que queda redactado nos seguintes termos que substitúen o disposto no punto dous da Orde PRE/3797/2006, do 12 de decembro:

«B.39. Algeciras (Cádiz).

Límites laterais: comprendidos polas aliñacións dos puntos cuxas coordenadas son:

36° 26' 37" N-005° 16' 20" W,  
36° 25' 00" N-005° 09' 16" W,  
36° 22' 28" N-005° 07' 07" W,  
36° 10' 54" N-005° 16' 10" W,

Desde esta coordenada, seguindo a liña paralela á costa de tres millas náuticas de distancia a ela, ata a coordenada

36° 08' 57" N-005° 16' 36" W,  
36° 09' 14" N-005° 20' 16" W,  
36° 09' 10,04" N-005° 20' 20,74" W,  
36° 09' 18,05" N-005° 20' 44,16" W,  
36° 09' 17,53" N-005° 21' 06,21" W,  
36° 09' 17,12" N-005° 21' 07,70" W,  
36° 09' 22" N-005° 21' 02" W,  
36° 09' 22" N-005° 24' 07" W,

36° 05' 40" N-005° 23' 03" W,  
36° 04' 45" N-005° 23' 03" W,  
36° 02' 26" N-005° 24' 33" W,

Desde esta coordenada, seguindo a liña paralela á costa de dúas millas náuticas de distancia a ela, ata a coordenada

36° 01' 26" N-005° 41' 24" W,  
36° 03' 22" N-005° 39' 53" W,  
36° 12' 20" N-005° 39' 30" W,  
36° 26' 37" N-005° 16' 20" W,

Límites verticais: desde terra ou mar ata o nivel de voo 300.

Tipo de restrición: zona restrinxida ao voo para todo tipo de aeronaves excepto as civís que teñan plan de voo instrumental aprobado seguindo rutas establecidas e os helicópteros con plan de voo visual aprobado cara a ou desde o heliporto de Algeciras seguindo os corredores visuais establecidos.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Os límites, regulamentos e procedementos aplicables ás zonas prohibidas e restrinxidas ao voo establecidas por esta orde serán efectivos unha vez que fosen dadas a coñecer nas publicacións de información aeronáuticas previstas nas normas reguladoras da circulación aérea, conforme os procedementos nelas establecidos.

Madrid, 22 de abril de 2013.—A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Soraya Sáenz de Santamaría Antón.